

**CONTRATO PARA A EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA PISTA
DE KARTING DO CONCELLO DA PASTORIZA**

CONCELLO DE PASTORIZA

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS QUE HAN DE REXER A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO MULTICRITERIO E TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A XESTIÓN DA PISTA MUNICIPAL DE KARTING “O ACEBREIRO”.

I.-DISPOSICIÓN XERAIS.-

1. -Obxecto do contrato. -

O obxecto do contrato será a xestión e explotación da pista de karting, situada no lugar de "O Acebreiro" (Pastoriza), mediante a organización de actividades e competicións deportivas relacionadas co motor e a prestación de servizos de formación e seguridade viaria, de acordo coas condicións establecidas no presente prego e no pregos de prescricións técnicas.

A explotación da pista realizarase baixo a modalidade dun contrato de xestión de servizos público na modalidade de concesión administrativa na que se lle encomendará a un particular ou entidade a prestación do servizo en nome propio e pola súa conta e risco.

2. -Tipo de licitación. -

Sinálase como tipo mínimo de licitación a cantidade de 4.800,00 euros anuais. (IVE excluído)

As ofertas dos contratantes comprendan non só o prezo da contrata, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido (IVE)* de conformidade coa lexislación que rexe o devandito imposto, na oferta indicárase como partida independente.

O valor estimado do contrato tendo en conta a súa duración e posibles prorrogas ascende a cantidade de 24.000,00 euros.

3. -Forma de pagamento e revisión do canon. -

3.1. -Forma de pagamento

O adxudicatario efectuará o pago do canon por mensualidades vencidas, dentro dos dez primeiros días do mes seguinte.

No caso de non pagamento, esixirase a débeda a través da vía executiva, de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

3.2. -Revisión do prezo.-

O canon anual revisarase unha vez transcorrido o primeiro ano de vixencia do contrato a contar desde a súa adxudicación.

A revisión do canon terá lugar de acordo ca variación do índice de prezos ao consumo no período correspondente, sen que de dita revisión, de conformidade co disposto no artigo 78 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, lei de contratos do sector público (LCSP), poida superar o 85% da variación experimentada por dito índice.

*recórdase que o importe do IVE desde o mes de xuño será do 18%

4. -Existencia de crédito.-

O presente contrato non da lugar a obrigas económicas para o Concello, polo que non é necesario documento de existencia de crédito.

5. -Duración do contrato.-

O presente contrato terá unha duración de dous anos a contar dende a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas expresas e por mutuo acordo, dun ano cada unha. As prórrogas formalizarase mediante acordo suscrito por ambas partes cun mes de antelación ao vencemento do contrato. En consecuencia, a duración do contrato, incluídas as prórrogas, non poderá superar os cinco anos.

Así mesmo o Concello poderá requirir ao adxudicatario que continúe co obxecto do contrato unha vez finalizado o período máximo de prórroga aos efectos de levar a cabo os trámites tendentes a unha nova adxudicación, cun límite máximo de 6 meses e co mesmo prezo vixente ata ese momento.

6. -Órgano de contratación.-

O órgano de contratación que actúe en nome do Concello da Pastoriza é a Xunta de Goberno Local en virtude das competencias que lle foron delegadas conforme ao disposto nos artigos 21.3 e 22.3 da Lei 7/85, Lei de Bases de Réxime Local.

II.-ADXUDICACIÓN.-

7. -Procedemento e forma de adxudicación. -

A forma de adxudicación do contrato para a xestión e explotación da pista de karting de titularidade municipal, será o procedemento aberto multicriterio mediante tramitación ordinaria, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo con artigo 141 e 134..3-e) da LCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co disposto no artigo 134.1 da LCSP en concreto os descritos na cláusula 12 dos pregos.

8. -Capacidade e solvencia dos licitadores -

8.1. -Persoas naturais ou xurídicas.-

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, acrediten a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional o e non estean comprendidas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera 49 da LCSP.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Tratándose de persoas xurídicas, as prestacións obxecto do contrato deberán estar comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lles sexan propias.

8.2. -Unións temporais de empresarios.-

Poderán concorrer igualmente unións de temporais de empresas, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP. Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida para acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

9. -Lugar e prazo de presentación das proposicións.-

9.1. -Lugar, prazo e forma de presentación das proposicións-

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeneral do Concello da Pastoriza, en horario de 9:30 a 14:30, dentro dos quince (15) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia, tomándose como data de referencia a da última publicación que se produza. Se o último día do prazo coincidise en sábado ou festivo, o prazo prorrogárase ata as catorce horas e trinta minutos do primeiro día hábil seguinte.

Poderán presentarse tamén proposicións por correo, en tal suposto, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante Télex, Fax ou Telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

9.2. -Exame da documentación.-

Os interesados, durante o prazo establecido para a presentación de ofertas, poderán examinar o prego e documentación complementaria nas oficinas municipais en horario de atención ao público de 9:30 a 14:30 horas, así como na páxina Web do concello www.apastoriza.com/servizos/tramites.

9.3. -Aceptación dos pregos.-

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas sen excepción algunha. así como a manifestación de que no licitador concorren os requisitos para poder optar á adxudicación do contrato e as condicións esixidas para contratar coas administracións públicas.

10. -Proposicións e documentación a presentar polos licitadores. -

As proposicións para tomar parte no concurso presentaranse en tres sobres pechados asinados polo licitador, facendo constar en cada un deles o seu contido e denominación na forma que se indica, e o nome do licitador.

10.1. -Sobre A "Documentación xeral para a contratación da xestión da pista de Karting de "O Acebreiro"

Conterá a seguinte documentación:

10.1.a *-Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario:*

a-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

a-2) Persoas xurídicas:

A escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

a-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

a-4) Empresas non comunitarias.

- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

a-5) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 130.1.d da LCSP)

10.1.b -*Poderes e bastanteo de poderes:*

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

Os poderes, deberán bastantearse previamente por un letrado en exercicio no ámbito do Colexio Profesional Provincial, por notario, ou polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

10.1.c -*Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:*

Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 130 e 49 do LCSP, comprendendo expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Non obstante a xustificación acreditativa destes últimos requisitos esixírase ao adxudicatario do contrato unha vez realizada a adxudicación provisional do mesmo, debendo aportarse antes da súa adxudicación definitiva de acordo co disposto no artigo 135.4 da LCSP.

10.1.d -*Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:*

d-1) Solvencia económica e financeira

A solvencia económica acreditarase mediante a lo menos dous dos medios enumerado no artigo 64 da LCSP.

d-2) Solvencia técnica e profesional

A solvencia técnica xustificárase mediante:

1º .-A relación dos principais traballos directamente relacionados co obxecto do contrato (organización de actividades deportivas do motor e actividades de formación viaria) executados nos últimos tres anos, que inclúan importe, data e destinatarios públicos ou privados da actividade, Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

A efectos de valoración do presente procedemento soamente se terán en conta os servizos comparables en canto volume, orzamento e complexidade.

2º - Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levar a cabo a xestión da pista adecuadamente, medios que deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 206.g) da LCSP. (art. 53 LCSP)

Para estes efectos os licitadores deberán aportar a seguinte documentación:

- Medios persoais

Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato.

Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente, e en particular, do persoal responsable da execución do contrato con indicación da súa formación e méritos profesionais que poña de manifesto a súa idoneidade pola súa experiencia na realización de traballos con idénticas características ás do contrato, e na que se indicará a súa titulación académica e profesional.

- Medios materiais

Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico axeitado ás características do contrato, do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato

A non idoneidade ou a non xustificación da experiencia e dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da mesa de contratación, terá carácter excluínte.

10.1.e - *Índice de documentos que integran o sobre.*

10.2. Sobre B: Proposición relativa aos criterios de adxudicación non avaliados automaticamente para a contratación da xestión da pista de Karting de "O Acebreiro"

Conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposición ofertadas, de acordo cos criterios de adxudicación non valorables automaticamente que se indican na cláusula 12.2 "experiencia e calidade do proxecto de xestión das instalacións", en concreto:

- Relación nominal e domiciliada de entidades particulares e organismos onde preste ou prestara servizos análogos, coa súa data de realización e certificados de boa execución.

- Proxecto de execución do servizo o máis detallado posible. Os licitadores deberán especificar cómo van a levar a cabo a execución do contrato para o que a lo menos deberán facer referencia aos seguintes aspectos:

- a) Relación de medios persoais que realicen directamente as prestacións obxecto do contrato (achegarse curriculum). Valorarase a especialización e experiencia.

- b) Relación de medios materiais, equipamento, así como adecuación da organización dos espazos.

c) Compromisos especiais ou actuacións que melloren a calidade da xestión da instalación.

Poderán ofertar todo tipo de medidas dirixidas a mellorar a explotación da pista, tales como: maior número de prazas para os escolares e xoves do concello nas actividades ofertadas, prestación doutros servizos complementarios, proxectos educativos integrais nos que a formación viaria se relacione con outros ámbitos e materias, mellora na cobertura do seguro, actuacións para a imaxe e promoción das instalacións, campañas divulgativas e de publicidade, elementos ou outras instalacións complementarias que se pretenden incorporar á pista sempre que impliquen un incremento de valor da instalación e estean destinadas a mellorar ou facilitar o rendemento da xestión. Etc..

As melloras ofertadas e en caso de ser posible deberán estar avaliadas economicamente, xustificando o seu custo, sen prexuízo da posibilidade de comprobación polos técnicos.

Obterán a máxima puntuación as melloras que no seu conxunto teñan maior valor económico, sen prexuízo da ponderación doutros criterios aparte do económico baseados no interese, conveniencia ou oportunidade.

d) Criterios medio ambientais incluídos na xestión do servizo.

Incluirán aquelas actuacións dirixidas a que a xestión do servizo se realice da forma máis beneficiosa posible para o entorno ou co menor impacto ambiental, xa sexa polo método empregado, por la xestión de produtos, recursos e residuos, u outros similares. En particular, valoraranse os aspectos seguintes:

- Emprego de produtos reutilizados o reciclados
- Emprego de enerxías renovables
- Menor emisión de gases
- Medidas de limpeza e mantemento co menor impacto ambiental
- Redución da cantidade e mellor xestión dos residuos xerados.

10.3. Sobre C. Proposición económica e valores avaliados automaticamente, para a contratación da xestión da pista de Karting de "O Acebreiro"

Os licitadores incluírán neste sobre a oferta económica será redactada conforme o modelo de proposición económica recollido no anexo I do presente prego, sen erros ou emendas que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, debendo indicarse como partida independente o IVE que debe ser repercutido

Así mesmo incluírase toda a documentación relacionada cos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes, contendo:

1.- Relación de actividades de formación e seguridade viaria que se propoñen realizar, sinalando de forma separada as ofrecidas para os escolares dos centros educativos do municipio e demais veciños en xeral, que deberán respectar os mínimos previstos neste prego e no prego de prescricións técnicas.

2.- Relación de competicións deportivas que se pretenden realizar, separadas por ámbitos: nacional, autonómico ou provincial. Acompañaranse, no seu caso, de documentación que xustifique a posibilidade real da súa celebración.

3.-Mellora na póliza de seguro de responsabilidade civil.

10.4. -Forma de presentación da documentación.-

Farase constar, dentro de cada sobre, na primeira páxina e en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciados numericamente.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscripta na súa totalidade polo licitador, ou acompañar a relación dos documentos que a integran asinada polo licitador e cunha declaración responsable de ser certos os datos achegados.

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan o carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refiren os parágrafos anteriores, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

A Administración resérvase a facultade comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

11. -Constitución da mesa, cualificación da documentación e apertura de plicas.-

11.1. -Apertura do sobre A.-

Finalizado o prazo de admisión de documentación, o quinto día hábil seguinte, constituirase a Mesa de Contratación para a cualificación dos documentos presentados no sobre A, e se observase defectos formais emendables, poderá conceder, se o estima conveniente, un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador emende o erro.

Se a documentación tivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, quedará excluído do procedemento e rexeitarase a súa proposición.

11.2. -Apertura do sobre B.-

O acto público de apertura do sobre B celebrárase no salón de sesións da casa do concello ás doce horas do decimo día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Iniciado o acto público, o presidente dará conta aos asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación dos documentación xeral e técnica presentada, unicamente no que se refire á expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas. As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas

quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

A Mesa de contratación, para a valoración das proposicións relativas a criterios de adxudicación non avaliábles en cifras ou porcentaxes poderá solicitar, antes de formular a súa proposta de valoración, o informe ou informes técnicos que considere precisos

11.3. -Apertura do sobre C.-

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B convocarase aos licitadores para o acto público de apertura de ofertas económicas e valores avaliábles automaticamente (sobre C), dita convocatoria publicárase na paxina web do concello www.apastoriza.com/servizos/trámites e notificárase por fax ou correo electrónico aos licitadores.

En dito acto darase a coñecer o resultado da valoración da documentación do sobre B e procederase a apertura do sobre C.

11.4. -Valoración final e proposta de adxudicación.-

A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, procederá á valoración final das ofertas e elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos.

Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dite a resolución de adxudicación provisional. (art. 144.2 LCSP).

12. -Criterios de adxudicación. -

Para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente máis vantaxosa teranse en conta os criterios de adxudicación que se detallan a continuación por considerarse os máis adecuados para avaliar o interese das características da xestión proposta polos licitadores.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación do concurso, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

12.1. -Criterios avaliábles de forma automática.-

12.1.a. *-Actividades de formación e seguridade viaria que se pretenden realizar.* Valorárase ata 30 puntos.

Puntuarase a organización con cargo á empresa de actividades de formación, para o cal indicará o nome, obxectivo do curso e o número de horas.

a.-1 Actividades de formación e seguridade viaria ata 20 puntos. Valorándose o resto de forma proporcional

a.-2 Actividades de formación e seguridade viaria dirixidas aos escolares dos centros educativos do municipio e demais veciños en xeral ata 10 puntos. Valorarse 0 os que ofrezan o mínimo de horas previstos nestes pregos e nos de prescricións técnicas, e de forma proporcional as ofertas que melloren ese mínimo de horas.

12.1.b .-*Número e ámbito das competicións deportiva*. Valorarase ata 25 puntos.

Só se valoraran aquelas competicións respecto das que exista xustificación respecto da posibilidade real de realización. A valoración realizarase da seguinte forma:

- b.-1 Competicións de ámbito nacional ata 10 puntos
- b.-2 Competicións de ámbito autonómico ata 9 puntos
- b.-3 Competicións de ámbito provincial ata 6 puntos

Valoraranse de forma proporcional

12.1.c .-*Maíor canon ofertado en favor do Concello*. Valorarase ata 10 puntos.

A proposición que oferte o prezo máis alto obterá a maior puntuación valorándose as restantes proposicións de xeito proporcional.

12.2. -Criterios non avaliábles de forma automática.-

12.2.a *-Calidade do proxecto de xestión da pista*. Valorarase ata 20 puntos.

Puntuarase o proxecto de xestión presentado polo licitador tendo en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

a.-1 Relación de medios persoais que realicen directamente as prestacións obxecto do contrato (achegarse curriculum) de medios materiais e equipamento destinado ao servizo. Valorarase a especialización e experiencia do persoal e a adecuación do material (ata 3 puntos)

a.-2 Actuacións dirixidas a que a explotación do servizo se realice da forma máis beneficiosa posible para o entorno, especialmente en relación co mantemento e limpeza das instalacións e os seus anexos, a adecuada xestión dos residuos da instalacións, sobre todo graxas, aceites, deterxentes, rodas e similares, así como calquera outra medida dirixida a conseguir que o servizo se preste co menor impacto ambiental posible (ata 4 puntos)

a.-3 Compromisos especiais ou actuacións que melloren a calidade do servizo, ata (13 puntos), entre elas terase en conta:

(1) mellora na cobertura do seguro de responsabilidade civil e coberturas adicionais doutros riscos. A mellora no seguros de responsabilidade civil valorarase dando a menor puntuación o que vaia o tipo e o resto proporcionalmente (ata 3 puntos)

(2) prestación doutros servizos complementarios, proxectos educativos integrais ou similares (ata 3 puntos)

(3) número de prazas para os escolares e xoves do concello nas actividades ofertadas.(ata 2 puntos)

(4) actuacións para a imaxe e promoción das instalacións, campañas divulgativas e de publicidade (ata 1 punto)

- (5) elementos ou outras instalacións complementarias que se pretenden incorporar á pista e que impliquen un incremento de valor da instalación e estean destinadas a mellorar ou facilitar o rendemento da xestión.(1punto)
- (6) Redución de tarifas para os veciños do municipio, por uso das instalacións fóra das actividades organizadas con carácter exclusivo para os veciños. (ata 1 punto)
- (7) Outras melloras (ata 2 puntos)

12.2.b *.-Experiencia no desenvolvemento de servizos similares debidamente acreditada.* Valorarase ata 16 puntos nos seguintes termos,

- b.-1 Experiencia na organización de cursos de formación e seguridade viaria ata 9 puntos
- b.-2 Experiencia na organización de eventos deportivos relacionados co motor ata 7 puntos.

13. -Admisibilidade de variantes.-

Non se admiten variantes, cada licitador só poderá presentar unha proposición.

14. -Adxudicación provisional.-

Á vista da proposta da Mesa de contratación, o órgano de contratación ditará a adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de dous meses, a contar desde a apertura das proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen dictarse acordo sobre a adxudicación provisional, os licitadores poderán retirar as súas ofertas.

A adxudicación provisional que realice o órgano de contratación deberá acomodarse á proposta da Mesa de contratación, salvo que expresamente xustificuense os motivos para apartarse de tal proposta, ou que esta se efectuou con infracción do ordenamento xurídico, nese caso a convocatoria quedará sen efecto.

A adxudicación provisional deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das proposicións presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non obstante, nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación provisional, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non emendables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles houberse efectivamente ocasionado.

A adxudicación provisional notificarase aos licitadores, e publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación ou no boletín oficial da provincia. (art. 135.3 LCSP)

15. -Adxudicación definitiva.-

15.1.-Documentación a presentar polo adxudicatario provisional e garantía definitiva.-

O adxudicatario provisional no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional nun diario oficial ou no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación, deberá:

a) Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social dita acreditación realizarase, de acordo cos artigos 13 e 15 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, Regulamento que dese xeral da lei de contratos das administracións públicas (RCAP), mediante os correspondentes certificacións expedidas polos órganos competentes.

Así mesmo, de ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

b) Aportar, os documentos que acrediten a efectiva disposición dos medios que se comprometeu a adscribir á execución do contrato, de acordo co previsto na cláusula 10.1.d.2) do presente prego.

c) Constituír a garantía definitiva polo 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. A garantía poderá constituírse por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

15.2. -Garantía complementaria.-

Dada a complexidade e especialidade do contrato e de conformidade co previsto no artigo 83.2 da LCSP, establece ademais da garantía definitiva unha garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación, que se constituirá por calquera dos medios previstos no artigo 84 da LCSP e no mesmo prazo ca garantía definitiva.

De esta forma queda prevista unha garantía total do 10% do prezo do contrato.

15.3. -Adxudicación definitiva.-

Dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de 15 días hábiles para a presentación da documentación do adxudicatario provisional, o órgano de contratación deberá ditar resolución elevando a definitiva a adxudicatario provisional realizada, sempre que o adxudicatario provisional presente dita documentación e acredite q que reúne as condicións esixidas ao efecto.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para iso, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade, caso no que se lle concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprimentar o sinalado nesta cláusula 15.

16. -Formalización do contrato.-

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, e será ó seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

O contratista estará obrigado a firmar no acto de formalización do contrato, en proba de conformidade cos mesmos, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas

III.-EXECUCIÓN DO CONTRATO.-

17. -Gastos e impostos a cargo do adxudicatario. -

Serán por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos estatais, autonómicos e municipais que deriven do contrato que procedan de acordo coa lexislación vixente.

O adxudicatario asumirá o pagamento do IVE que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.

Considéranse tamén gastos a cargo do adxudicatario todos os derivados da explotación e funcionamento do servizo de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de prescricións técnicas

18. -Dereitos e obrigas básicas do concesionario.-

18.1. -Dereitos do concesionario. -

O concesionario terá dereito a:

- a) Recibir ás instalacións obxecto do contrato en perfectas condicións para o seu funcionamento e xestión.
- b) Propoñer ao Concello modificacións ou actuacións que estime conveniente para a mellora da xestión das instalacións sendo de conta do concesionario os gastos que se deriven das mesmas.
- c) Solicitar do Concello a colaboración necesaria para a celebración das distintas actividades, especialmente das que afectan os veciños do municipio.

d) Recibir do Concello a mellor información posible sobre todo tipo de actuacións municipais ou de terceiros das que este teña coñecemento e que poidan afectar ao normal funcionamento das instalacións.

e) Obter a axeitada compensación económica para manter o equilibrio económico, no suposto de modificacións do servizo impostas polo Concello, que aumenten os custos ou diminúan a retribución; nos casos de xestión directa do servizo, se esta se producise por razóns de interese público e en caso do rescate de contrato ou suspensión do servizo.

f) Realizar pola súa conta e logo de autorización de Concello obras de embelecemento, ornato ou similares nas instalacións obxecto do contrato.

18.2. -Obrigas do concesionario.-

Serán obrigas básicas do contratista-concesionario as seguintes:

a) Prestar o servizo o obxecto do contratos coa continuidade convida, poñendo para iso en funcionamento as instalacións dentro dos vinte (20) días hábiles seguintes á sinatura do contrato.

b) Coidar do bo orden do servizo para o que poderá ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía que corresponden ao Concello.

c) Conservar a construción e instalacións e materiais en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene, ata que, por conclusión do contrato, deban entregarse con todas as instalacións que sexan inherentes e necesarias a este para a súa axeitada prestación.

O Concello poderá realizar inspeccións periódicas para comprobar o estado das instalacións e pode, no caso de observar anomalías, estragos ou outros usos incorrectos, dar as instrucións oportunas para a súa emenda no prazo que se sinale ao efecto, quedando o concesionario obrigado ao seu cumprimento.

Na inspección que se faga con motivo da finalización da concesión, farase constar o estado xeral das instalacións, adoptándose as medidas oportunas no suposto de negligencia na actuación do concesionario, incluída a indemnización de danos e prexuízos.

Todos os estragos producidos polo uso serán reparados polo concesionario. No caso de resultar necesaria a reposición de materiais ou elementos das instalacións, esta realizarase con outros de similares características técnicas estéticas.

d) Atendendo ás características das instalacións non executar ningún tipo de obra sen previa autorización do Concello.

A realización de obras de mellora, remodelación ou adaptación sen autorización, poderá ser causa de resolución do contrato, en atención o seu alcance e incidencia.

As melloras introducidas polo concesionario serán pola súa conta e quedarán incorporadas ás instalacións en caso de non ser separables.

e) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo por causas imputables

á empresa concesionaria ou ao seu persoal, salvo que se produciran como consecuencia inmediata e directa dunha orde do Concello.

f) Subscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil como mínimo nos termos previstos na cláusula seguinte, así como aqueles outros seguros que sexan necesarios para previr riscos diversos no funcionamento das instalacións.

g) Prestar os servizos con estrita observancia do principio de non discriminación.

h) Admitir ao uso das instalacións a toda persoa que reúna os requisitos esixidos para participar nas actividades obxecto do contrato e que abonen as correspondentes tarifas, as cales serán postas en coñecemento do Concello e dos posibles usuario.

i) Actuar coa dilixencia debida e adoptar cantas disposicións e medidas de seguridade sexan necesarias para evitar toda clase de danos a usuarios e bens das instalacións.

j) Estar dado de alta na rama correspondente e cumprir con toda a normativa legal vixente en materia laboral, sobre seguridade social e seguridade e hixiene no traballo, sen que en caso de incumprimento se derive responsabilidade para o Concello. En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista a xustificación dos requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

k) Contratar o seu persoal, pola súa conta e risco, de conformidade coa lexislación laboral vixente.

O devandito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de patrón e deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, referidas ao propio persoal ao seu cargo.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Concello.

l) A boar, durante o prazo da concesión, os gastos que orixine en xeral o funcionamento do servizo. incluídos os tributos, os derivados da limpeza, recollida de lixo, vixilancia e seguridade, así como polos consumos de enerxía eléctrica, auga, e demais consumos,

m) Non allear nin gravar, sen autorización, bens ou instalacións que deban reverter á Corporación concedente, comprometéndose a deixalos libres e vacuos a disposición do Concello, dentro do prazo establecido e de recoñecer a potestade deste para acordar e executar por si o lanzamento, no seu caso.

n) Exercer por si a concesión dos servizos non cedela, nin gravala ou traspasala a terceiros, sen autorización no seu caso do Concello.

o) Permitir o uso gratuíto da pista polo Concello 30 días ao ano, previo aviso por escrito do Concello cunha antelación mínima de 15 días.

p) Facilitar ao Concello información sobre as actividades a realizar na pista de karting, calendarios, horarios, destinatarios ou usuarios, e en xeral toda a

información necesaria para que polo concello se teña coñecemento en todo momento do uso que se fai da pista de karting. A tal efecto a empresa adxudicataria deberá comunicar dita información ao Concello por escrito, vía fax ou correo electrónico, con carácter previo, e cunha antelación de como mínimo 15 días ao da súa celebración.

q) Promover un mínimo de 250 horas anuais de cursos de formación e seguridade viaria aos escolares dos centros educativos (institutos e colexios) do municipio e demais veciños en xeral.

r) Promover un mínimo de dous cursos anuais de a lo menos 20 horas cada un relacionados ca conducción e manexo de maquinaria de tipo agrícola, dirixidos prioritariamente a veciños do municipio.

s) O concesionario deberá inserir en toda a publicidade ou propaganda que realice a mención “en colaboración co Concello da Pastoriza” e o seu logotipo.

Ademais destas obrigas básicas, o concesionario estará obrigado ao cumprimento das condicións técnicas especiais previstas no "PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES".

19. -Responsabilidade civil e seguros. -

O adxudicatario será responsable durante a execución do contrato dos danos e prexuízos directos e indirectos que se puidesen causar a calquera persoa, propiedade, ou servizos públicos ou privados, como consecuencia da súa acción ou omisión, tanto pola explotación da pista de karting coma dos accesos dos que é responsable.

Ao efecto de cubrir as responsabilidades derivadas do contrato, o adxudicatario subscribirá un seguro de responsabilidade civil por importe dun millón douscentos mil (1.200.000,00 €) euros, que comprenderá as garantías de explotación e patronal.

Na devandita póliza deberá considerarse como terceiros os usuarios das actividades desenvolvidas na pista de karting.

O adxudicatario deberá, antes da sinatura do contrato, achegar copia da póliza e o xustificante de pagamento da correspondente prima.

No caso de que as pólizas presentadas no se axusten ao sinalado nesta cláusula, o concesionario deberá proceder a súa modificación nos termos prazo que o Concello sinala.

O adxudicatario deberá, ademais, estar en posesión dos seguros que en cada caso se esixan nas distintas competicións deportivas a desenvolver, podendo o Concello solicitar unha copia da correspondente póliza que se remitirá antes da celebración das distintas competicións.

20. -Dereitos e obrigas do Concello.-

20.1. -Dereitos do Concello.-

Concello é titular dunhas instalación cuxa explotación se realiza de forma indirecta, mediante concesión administrativa, ostentando en todo momento o control da súa xestión e a inspección do servizo e conservando os poderes de policía necesarios

para asegurar a boa marcha do devandito servizo, que pode ser modificado ou suprimido.

Concello ostentará, sen prexuízo das que procedan da cordo co previsto na lexislación, as potestades seguintes:

1º. Modificar por razóns de interese público as características do servizo contratado e das tarifas que no seu caso, haxan de ser aboadas polos usuarios e a forma de retribución do concesionario.

2º. Fiscalizar a xestión do concesionario, para estes efectos o concello poderá:

-inspeccionar a correcta execución do contrato, mediante o control das actividades realizadas na pista e a inspección das obras, instalacións e locais e da documentación relacionada co obxecto da concesión, en calquera momento. O concesionario acompañará nas súas visitas inspectoras ao persoal municipal, quen terá liberdade de acceso a todas ás instalacións obxecto de explotación.

- comprobar a calidade na explotación da instalación e realizar calquera actuación que estime necesaria para obter información dos usuarios e da empresa adxudicataria sobre a adecuada prestación do servizo.

-ser informado da marcha da explotación da instalación obxecto de contrato, ben cando o solicite, ou ben, en cumprimento da obriga de comunicación e información que ten o concesionario.

- comprobar o exacto cumprimento dos deberes do adxudicatario,

-ditar ordes para manter ou restablecer a debida prestación.

3º. Asumir temporalmente a explotación directa da pista, nos casos en que non se prestase ou non o puidese prestar o concesionario, por circunstancias imputables ou non ao mesmo.

4º. Impoñer ao concesionario as correccións pertinentes por razón das infraccións que cometese, ou no seu caso as correspondentes sancións, nos termos previstos na cláusula 24 do presente prego.

5º. Rescatar a concesión.

6º. Suprimir o servizo.

7º. Reservarse 30 días ao ano o uso gratuíto da pista, para o desenvolvemento de actividades promovidas polo Concello.

8º. A que se presten polo adxudicatario 250 horas anuais en cursos de formación e seguridade viaria para os escolares e outros veciños do municipio, así como, dous cursos anuais relacionados co manexo de maquinaria agrícola.

20.2. -Obrigas do Concello. -

Ademais das obrigas previstas na lexislación vixente o Concello deberá:

1º. Poñer a disposición do concesionario os bens e instalacións convidas, en estado adecuado para a súa xestión.

2º. Outorgar ao concesionario a protección axeitada para que poida prestar o servizo debidamente.

3º. Manter o equilibrio financeiro da concesión.

4º. Indemnizar ao concesionario polos danos e prexuízos que lle ocasione a asunción directa da xestión do servizo, se esta se producise por motivos de interese público independentes da culpa do concesionario.

5º. Indemnizar ao concesionario polo rescate da concesión ou en caso de supresión do servizo.

21. -Obras do Concello que se entregan ao concesionario.-

O concello adscribirá á pista e os seus anexos á execución do contrato, reservándose a súa titularidade, e entregando o seu uso e goce ao concesionario, en concreto entréganse as obras e instalacións que se describen no prego de prescricións técnicas parte I "ESTADO DAS INSTALACIÓNS DA PISTA DE KARTING AO INICIO DO CONTRATO"

O Concello porá a disposición do concesionario as instalacións referidas dende a formalización do contrato.

Con respecto ás devanditas instalacións o concesionario estará obrigado a cumprir as condicións técnicas que se relacionan no prego de prescricións técnicas parte II "CONDICIÓNES TÉCNICAS PARTICULARES", así como proceder á súa devolución ao Concello cando finalice o contrato nos termos previstos na cláusula 26.

22. -Execución do contrato.-

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista o cal estará obrigado a organizar e prestar o servizo con estricte suxeición ás características establecidas no prego de prescricións técnicas e ás instrucións fixadas polo Concello, quen en todo caso conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

23. -Modificación do contrato. -

O contrato poderá ser obxecto de modificación nos termos previstos na LCSP. Non poderán introducirse ou executarse modificacións no contido do contrato sen a debida e previa autorización e aprobación técnica e económica polo órgano de contratación, mediante a tramitación do correspondente expediente na forma e cos efectos establecidos no artigo 202 da LCSP e 102 do RCAP así como no artigo 258 da lei cando tales modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato.

24. -Incumprimento do contrato.-

Estarase ao disposto nos artigo 196 e seguintes, así como o previsto nesta cláusula.

24.1. -Incumprimento.-

O incumprimento de calquera das disposicións deste prego, das condicións técnicas particulares recollidas no prego de prescricións técnicas, así como da oferta adxudicataria, será considerado como falta, podendo o órgano de contratación impoñer ao adxudicatario as penalidades que correspondan en cada caso, incluída a resolución do contrato, conforme ao procedemento legalmente establecido e en todo caso, previa audiencia do interesado.

A tales efectos, o adxudicatario faise responsable ante o Concello de todas as faltas que podan ser cometidas polos seus empregados durante o horario de traballo, así como as repercusións a que dera lugar.

O adxudicatario igualmente será responsable dos danos e prexuízos que se ocasionen nas instalacións obxecto do contrato derivadas da negligencia ou incumprimento das obrigas contidas no presente prego e no de prescricións técnicas.

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise as súas obrigas ou compromisos de dedicar á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes, nos termos previsto na súa oferta, o órgano de contratación poderás optar por resolver o contrato, incautar a garantía ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar ata o 10% do orzamento do contrato.

24.2. -Infraccións e sancións.-

Así mesmo cando, por causas imputables ao mesmo se incumprise a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderás impoñer penalidades, segundo a súa tipificación nos termos previstos no paragrafo seguinte, atendendo as circunstancias concorrentes, e en especial, atendendo ao menor ou maior prexuízo que con elas se cause o funcionamento das instalacións.

24.2.a -Infraccións.-

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves

1.-Considéranse faltas moi graves

- a) A demora do comezo da posta en funcionamento das instalacións superior a dous meses sobre a data prevista, salvo causa de forza maior debidamente xustificada.
- b) Paralizacións ou interrupcións no funcionamento das instalacións, salvo cando concorran causas de forza maior, causas previstas nos pregos ou consentimento do Concello.
- c) A prestación, manifestamente defectuosa, prexudicial ou completamente irregular da explotación das instalacións da pista de karting, con incumprimento das condicións técnicas particulares recollidas no prego de prescricións técnicas e das obrigas do concesionario previstas no presente prego.
- d) Destinar as instalacións obxecto do contrato á fins distintos aso especificamente contratados e sinalados nos presente pregos.
- e) Ceder, subarrendar ou traspasar a xestión das instalacións, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.

- f) Incumplimento reiterado das ordes ou instrucións do Concello para a explotación da pista que sexan procedentes de acordo co contido do presente prego, o prego de prescricións técnicas e a normativa vixente.
- g) Falsidade na información que ten a obriga de subministrar ao Concello de conformidade co disposto no préstente prego e o de prescricións técnicas.
- h) A reiteración de tres ou máis faltas graves nun período de 6 meses.

2.-Considéranse faltas graves:

- a) Irregularidades ou pequenos defectos na explotación das instalacións.
- b) A negativa por parte do adxudicatario a cumprimentar as obrigas de información e os requirimentos de carácter informativo efectuados por parte do Concello.
- c) Incumplimento de outras condicións de prestación do servizo establecidas no presente prego, no prego de prescricións técnicas, na oferta do adxudicatario e na demais normativa aplicable, que non tivesen a consideración de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- i) A reiteración de tres faltas leves nun período de 3 meses.

3.-Consideraranse faltas leves todas as demais infraccións ou incumprimentos das condicións estipuladas nos pregos, non cualificadas como graves ou moi graves.

As faltas leves serán sancionadas por la Alcaldía ou e en quen delegue, directamente oído o adxudicatario; as demais infraccións precisan expediente previo tramitado de acordo coas normas de procedemento administrativo.

Cando a infracción cometida transcenda o ámbito administrativo e revista os caracteres de delicto, o Alcalde poñerá os feitos en coñecemento dos Tribunais.

24.2.b.-*Sancións.*-

As infraccións serán sancionadas, tras a tramitación do expediente oportuno da seguinte forma:

- Faltas leves poderán ser penalizadas con multa de ata 600 €.
- Faltas graves poderán ser penalizadas con multa de 601 a 1.000 euros
- Falta moi graves poderán ser penalizadas con multa de 1.001 a 2.000 euros.

O importe das sancións previstas actualizaranse anualmente aplicando o mesmo coeficiente resultante da revisión de tarifas aplicables ao servizo, sempre dentro dos límites legais vixentes.

24.3. -Intervención.-

Se do incumplimento por parte do contratista se derivase perturbación grave no servizo público, non reparable por outros medios, e o Concello non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En tal caso, o contratista deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente se lle causaran, conforme ao artigo 261 da LCSP.

-IV.FINALIZACIÓN DO CONTRATO.-

25. -Cumprimento do contrato.-

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

26. -Reversión das instalacións. -

Ao termo do prazo da concesión, o contratista estará obrigado a devolver as instalacións ao Concello da Pastoriza no mesmo estado de conservación no que se atopaban ao inicio do contrato (recollido no prego de prescricións técnicas) de conformidade co disposto no artigo 131 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e no artigo 259 da LCSP , establecéndose como prazo ao que se refire o apartado 2 do devandito artigo, o prazo dun mes.

O concesionario retirará aqueles elementos que incorporase e que non sexan obxecto de reversión e reparará pola súa conta os danos e danos que puidese causar nos elementos dos bens municipais e substituír todos aqueles que sexan irreparables co fin de que todos os bens queden no bo estado en que se atopaban no momento en que o Concello os entregou.

Solicitará para iso autorización municipal e realizaranas baixo a inspección dos servizos técnicos municipais, e se así non o fixesen, efectuarao o Concello á súa costa.

Concello poderá acordar que se satisfaga en metálico o importe dos devanditos danos.

27. -Resolución do contrato.-

A resolución do contrato terá nos supostos previstos nos artigos 206 e 262 da LCSP, así Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP. Para a resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

En todo caso cando o contrato se resolva por culpa do contratista, se incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización por danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

28. -Devolución cancelación da garantía definitiva.-

Establécese un período de garantía dun ano, una vez finalizada a concesión. A garantía definitiva devolverase conforme ao establecido no artigo 90 da LCSP

.-V RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E XURISDICCIÓN COMPETENTE.-

29. -Natureza e réxime xurídico do contrato.-

29.1. -Natureza xurídica.-

A contratación a realizar cualifícase como contrato de xestión de servizos públicos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 8 e 19 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) na súa modalidade de Concesión, ó amparo do disposto no artigo 253.a) da citada lei.

29.2. -Réxime xurídico.-

A concesión queda sometida ás cláusulas contidas no presente prego e á restante lexislación de contratos do sector público: a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como ao RD 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei de contratos do sector público, o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en tanto continúe vixente, o Regulamento de servizos das corporacións locais e as restantes normas de aplicación á contratación das entidades locais. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado

30. -Prerrogativas da administración e xurisdicción competente-

30.1. -Prerrogativas da administración.-

O órgano de contratación ostenta as prerrogativas de interpretar os contratos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modifícalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos previstos na normativa aplicable.

Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdicción competente.

30.2. -Xurisdicción competente.-

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato e os efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdicción.

A Pastoriza, 18 de marzo de 2010

P.D

(Resolución alcaldía de 26 de xuño de 2007)

A Tenente alcalde, delegada da área de deportes

Asdo.: Elva Carrera González

ANEXO I
MODELO DE PROPOSICIÓN

Don/a....., maior de idade, con domicilio para os efectos de notificación en....., e NIF. número....., en nome propio (ou en representación de....., con CIF. número....., como acredita por.....) tendo coñecemento do procedemento aberto multicriteiro e tramitación ordinaria para a contratación da xestión da pista municipal de karting,:

1º.- Comprometese a asumir a citada explotación ofrecendo

A) Un canon anual (SEN IVE) a aboar á administración de.....

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE).....

C) CANON TOTAL ANUAL (A+B)*.....

2º.- Coñece e acepta integramente o contido e cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas particulares que han de rexer a contratación.

3º.- Achega xunto con esta proposición toda a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugar, data e sinatura do licitador

* O prezo total ha figurar necesariamente en letra e número, sendo válido o expresado en letra en caso de discrepancia.